



Nada en Jaffa (Israel), aínda que con raíces arxentinas, **Tal Nitzán** é poeta, tradutora e editora. Licenciada en Historia da Arte e Estudos Hispanoamericanos, cun máster en Literatura pola Universidade Hebrea de Xerusalén, residiu en Bos Aires, en Bogotá e en Nova York. Hoxe faino en Tel Aviv, dende onde coordina dúas coleccións de literatura latinoamericana e hebrea.

Conta con cinco poemarios publicados, un libro para nenos, dúas compilacións de poesía hispanoamericana e a antoloxía de poesía israelita de denuncia *Con cicel de ferro*, publicada tamén nos Estados Unidos e en Francia.

Con máis de oitenta libros ás súas costas, Tal Nitzán é a maior tradutora de literatura española para o hebreo. Ademais dunha adaptación do Quixote para lectores mozos, entre os autores que ten vertido á lingua hebraica constan Machado, Lorca, Neruda, Borges, Octavio Paz, Cortázar, César Vallejo, Ernesto Sábato, Alejandra Pizarnik, Onetti, García Márquez, Vargas Llosa, Roberto Bolaño ou Miguel Delibes. Por este incansable labor ten recibido multitude de galardóns como o Premio Creatividade en Tradución en dúas ocasións, o Premio Tchernijovsky para tradutores sobresalientes e unha Medalla de Honra do Presidente de Chile polas súas traducións de Pablo Neruda.

Tamén a súa propia poesía recibiu distincións como a do Premio Bernstein de Poesía, ou a dos galardóns Ministro de Cultura para Poetas Principiantes e para Obra Novel. Ademais, poemas seus foron traducidos a máis de vinte idiomas e publicáronse compilacións da súa poesía en italiano, francés, lituano, portugués e español.

O punto da tenrura

*Aquí reside a tenrura.
Aínda se o corazón, no seu mutismo,
tragouno a urbe como a unha pedra;
debes saber: este é o punto da tenrura.*

Dáme a túa man no mundo.

*Vin unha nai falándolle ao seu fillo con rancor,
asolándoo con palabras;
vin un edificio pregarse ata o po,
moi devagariño, un piso dentro do outro.*

*Cánto debemos apiadarnos,
cánto acougar.*

*Cando a noite se pecha
sobre unha caluga que non foi bicada
xa no hai remedio:
todo afogo
en cada gorxa,
ten só unha curación.
Mira, simplemente, este é o punto.*




(TAL
NITZÁN)

Luns **11** de novembro
20:30

ÁGORA
CENTRO CULTURAL
PARA O PROGRESO
SOCIAL

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |





Vigués do 60, **Román Raña** é doutor en filoloxía galego-portuguesa pola Universidade de Santiago e exerce como catedrático de lingua galega e literatura no IES do Castro da súa cidade natal. O seu debut literario veu da man do poemario *Retrato de Sombra en Outono* (1981), Premio Celso Emilio Ferreiro. Tres anos despois *Nas areias de outro mar* (1985) obtería o premio Cidade de Ourense. Seguidamente foi finalista do premio Esquíu co libro *Extramuros da noite* (1985), galardón que acadaría plenamente dous anos máis tarde con *Da muda primavera* (1988). En 1997 obtivo o premio Martín Códax de poesía con *Ningún Camiño* (1997), seguiulle *Eloxio da desorde*, premio de poesía Miguel González Garcés en 2002 e, dous anos máis tarde, o premio Caixanova de poesía co libro *As metamorfoses do túnel* (2005). Rematando este sobranceiro percorrido de a premio por libro, no ano 2009 volveu gañar o Cidade de Ourense con *O incendio das palabras*.

Como crítico literario, publicou edicións críticas da obra de Manuel-Antonio en 1989, de Arcadio López-Casanova en 1999 e de Álvaro Cunqueiro en 2001, ao que hai que engadir *A noite nas palabras (unha aproximación á poesía galega de posguerra)* (1996). Como narrador, fíxose co primeiro premio no X Concurso de Narracións Curtas Modesto R. Figueiredo en 1986, e tamén co premio de novela longa Eduardo Blanco-Amor por *O crime da rúa da Moeda Vella* (1989). Foi membro do consello de redacción do suplemento literario de *Diario16 de Galicia* e do *Faro das Letras*. Ademais, ten publicado artigos de crítica literaria, ensaios e recensións nun senfín de xornais e revistas literarias galegas, facéndoo actualmente no suplemento *Faro da cultura*.

Ritual humano

*Fala, cáncer, e guía os imprudentes,
dilles que a mágoa apaga a lucidez,
que entre os dentes a vida é como a ira
que nunca debe gobernar
o noso corazón.
E sangra co teu sangue claro
polos dedos da terra, polos ollos do sol
e dálle de beber ás pedras
e dálle de comer a Deus
co trigo miserábel do teu corpo.
Deposita no chan a roupa de vivir
e vive todo o amor que caiba no teu peito,
desperta con zapatos de herba e mais de area
e sé fiel a este mundo amarelo de vida.*

*Sé familia de min, verán,
sé as miñas palabras
e con tinta feliz escribe un novo nome
para que toda a economía da creación
se incendie nun momento.*



(ROMÁN RAÑA)

Luns **11** de novembro
20:30

ÁGORA
CENTRO CULTURAL
PARA O PROGRESO
SOCIAL

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

